

Exposición	<b>Outras voces de Israel</b>
Obxectivo	<b>Sensibilización sobre dereitos humanos</b>
Características	<b>6 macropaneis</b>

---

## DESCRICIÓN

A exposición encadrada no proxecto **‘Camiños de paz. As outras voces de Israel e Palestina’**, impulsado por Agareso e [Asemblea de Cooperación pola Paz](#) co apoio de Cooperación Galega, amosa o labor de sectores da sociedade israelí e palestina que, en contra da corrente maioritaria, denuncian as inxustizas e as violacións dos dereitos humanos, ao tempo que traballan polo diálogo, **o reencontro e a cooperación entre ambas as dúas partes**. Son voces portadoras dunha esperanza para producir un cambio na opinión pública que permita construír un camiño sostible cara a paz.

**Dereitos humanos** e liberdades individuais e colectivas, desmilitarización, convivencia e diálogo, educación pola paz, incidencia política e contrainformación son as temáticas abordadas. A mostra recolle así o traballo realizado por diferentes equipos de ACPD de todo o Estado e inclúe imaxes tomadas polo fotoxornalista Pelu Vidal durante unha expedición de Agareso a Israel e Palestina en 2010.



## ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Documental [‘Camiños de paz. As outras voces de Israel e Palestina’](#)

Documental [‘Palestina sen barreiras’](#)

Blog [‘Camiños de paz’](#)

## CARACTERÍSTICAS

6 paneis ríxidos de 200x240cm, subdivididos cada un en 3 pezas de 200x80cm que se colocan sobre pés de aluminio.